

PELERINAXES, DIARIO DOS ROTEIROS POLA ULLOA

0. ROTEIRO CERO

Ás veces os grandes proxectos nacen paseniñamente, sen complexos plantexamentos iniciais, xorden eles soños da man de alguén ou dun grupo que acertou estar no sitio adecuado no intre requerido.

O domingo 14 de maio presente seis amigos (don Carlos, Jesús, Fico, Cheché, Braulio e a que firma) cuxo trazo en común é o amor pola súa terra puxeron o primeiro chanzo do que serán unha serie de viaxes culturais a través da Ulloa.

Talvez, os profanos na materia cavilen que esta bisbarra pouco dará de si. Quizais pensen que ben poucas serán as saídas. Mais, por cativos que andemos nas matemáticas decatáronos que a comarca anda preto das cen entidades parroquiais. Non é doado, logo, coñecer todo o seu patrimonio histórico, artístico e paisaxístico nun fato curto de visitas.

Nesta quenda pasada o xefe da expedición foi don Carlos (ao que todos coñecemos coma o cura de Monterroso, malia que xa estea xubilado dos seus quefaceres espirituais). Coma quen non quere a cousa, guiounos cara a Fente (San Martiño de Fente, para ser máis precisos). Pensamos que alí pasaríamos dez minutos das nosas vidas pero...

Os nosos sentidos atopáronse ben honrados cando chegamos á Eirexe onde se ergue caladiño e agardándonos un templo románico. Está coroando o outeiro, coma tantas outras casas relixiosas da Galicia cristiá. Debo dicir que aquela contorna viva nos estaba esperando para envolvernos e ofrecernos as súas riquezas paisaxísticas e artísticas.

Coma cidadáns do século XXI estamos afeitos a escoitar sobre o impacto visual e o feísmo paisaxístico. Pois alí estaba a igrexa, cal noiva coroada por velo místico ó carón dunha casa pacega que noutrora contou con torre e cuxo pasado nobre aínda perdura nun tramo do muro defensivo, na falta de vanos no nivel inferior de todo o conxunto e nas troneiras para disparar en caso de asedio. E ben integradiños que se atopan no solar cos acolle. Unha lección de armonía visual entre o construído e o espazo circundante.

Dende aquela posición elevada, que non altiva, noutrora debeu dominar todo o val que discorre a un lado e ao outro do Regundín e, tamén, a actual vila de Monterroso, as contornas históricas de Feiravella, As Quendas...

Mágoa que nesta centuria na que todo vale e na que os cidadáns nos atopamos empapelados de leis pero na que falta o sentido común e sobra o afoutamento, alguén decidiu facer unhas plantacións de *pinus insigne* arrodeando o conxunto.

Tantas directrices e tanta guía que dende que somos socios comunitarios ata nos levan pola man sobre o que debemos facer e o que non, aspecto que redundando en que ós poucos se vaia perdendo o xeito tradicional de relacionarse cos eidos. E atrocidades coma ésta tiveron cabida e aínda, ás veces, foron fomentadas (non esquecemos as subvencións que se concederon para este tipo de plantacións, algunhas das cales agora están afectadas por outras leis que, en boa parte da súa posta en práctica, resultan igual de incongruentes cas anteriores).

Pero deixemos a crítica e a queixa que non é o motivo deste escrito e retomemos ó que estabamos.

A unha servidora que ten unha especial sensibilidade polo estudo e pervivencia de cultos pagáns e -como cada vestixio histórico ten unha significación, un por qué do seu ser, do seu estar situado e un por qué do folclore que o arrodea- chamoulle a atención o empoleirado do lugar.

Ao chegar á Eirexe de Fente o primeiro que me veu á cabeza foi Prisciliano e as súas prácticas no alto dos outeiros onde o contacto entre a Nai Terra e o Ceo eran máis evidentes. E así, suxerín que talvez este asentamento sagrado cristiá tivera sido aquí para aproveitar os fluxos relixiosos previos que radicarian nos arredores e canalizalos cara a nova relixión. Dábanse varias premisas necesarias para que isto fora así: a situación nun dos puntos máis altos da parroquia e a presenza dun manancial nas inmediacións.

A cantidade de piñeiros que servían de sentinelas ao conxunto impediume apreciar se alí se tiña erguido un castro, pero ousadamente e sen datos que o testemuñaran así se me antollou.

A Casa Reitoral, noutrora casa grande, coma xa dixemos, fica abandonada. A vexetación ameaza con devorar o que un día foi espazo verde sen construír. Reclama o seu. Gabear por ela non foi doado. O noso guía equipounos cun sacho e cunha fouce pero esta última estaba tan enfurruxada que só os brazos resoltos de Xesús se atreveron a abrir sendeiro mentres Braulio lle dicía que era un auténtico líder. Detrás fomos os outros. Cheché co sacho, que ás veces pousaba para facer unha foto ou un debuxo. Fico apuntaba medidas e datos, don Carlos dirixía, ó tempo que conseguía que a xornada fora máis amena, se cabe, cos seus coñecementos. E eu adicábame a animar (aínda non sabía que me convertería na cativa cronista desta aventura).

Por fin demos co sartego antropeide que buscábamos. Ciclópeo. Uns 2,20 m. de longo e sobre un metro na súa parte máis ancha. A persoa que o ocupou debía contar coa consideración de gran señor tal como se deduce da súa monumentalidade. Na súa situación anterior radicaba enterrado no camposanto.

Chamounos á atención un oco escavado na pedra na parte superior do sarcófago. Ao primeiro pensamos que podería ter sido feito para pousar o xabazón nesta segunda vida na que estaba adicado a bacía na que conter auga. Pero despois de limpalo observamos como a labra era moi antiga, do mesmo intre co resto do monumento. Foi entón cando nos decatamos da costume pagá que perdurou durante moitos séculos despois da cristianización de dotar algunha pedra dos cemiterios de coviñas nas que almacenar auga para que non tiveran sede os soterrados. Créase que o último morto que entraba no cemiterio tiña a obriga de carrexar auga para o resto dos ocupantes do mesmo. Así, non teñen faltado liortas entre as familias cando había dous defuntos na mesma parroquia e no mesmo día, por ver quen soterraba antes ao seu finado.

Suxerimos que talvez esta cunca pétrea tivera tal finalidade.

Arrodeando a pequena igrexa de románico rural -con algunha reforma posterior coma a elevación dos muros da ábsida ou o *frontis* que perdeu a porta en forma de arco abucinado coma aínda podemos sospeitar polo

engadido de pedras da fachada e corroborar pola presenza de algúns dos distintos pedazos do que foron as arquivoltas, hoxe pousados sobre o chan da nave pero que na última reforma que sufriu a igrexa apareceron servindo de basamento pétreo para un altar lateral- estriba o camposanto. Agarimoso cemiterio o de Fente! Situado nun nivel superior ó do camiño de acceso. Custodia a súa entrada un centenario castiñeiro que seica coñeceu varias ducias de xeracións.

Cal nai amorosa que coida e agarda polos seus fillos así o castiro deleitou e deleita ós veciños dende cativos coas súas castañas e, xa cando os tempos son idos, arrolaos entre as súas raíces.

Alí descubrimos tamén a maxia de debuxar en pedra coa que o canteiro Magariños quixo estar á altura que a contorna lle requiría.

Entramos ao templo, que fermoso e delicado! Quedamos prendados dos chapiteis ornamentados con cabezas humanas, das aves que depenicán nunha besta. En fin, un fermoso exemplo do románico rural que se mostra orgulloso con todo o seu esplendor malia ter sido cuartel e acubillo das tropas francesas como moi ben denotan os muros escurecidos e as pedras semiqueimadas polo lume. Aquí en Fente xúntanse a marabilla por todo o que é capaz de construír o ser humano e a mágoa pola súa capacidade aniquiladora.

Tamén nos chamou a atención o esmoleiro practicado na sancristía con forma de ollo para deixar unha dádiva dende o exterior para o San Blas, patrón dos oídos e da gorxa.

Neste punto Jesús ten que ausentarse, outras obrigas impídenlle continuar a ruta connosco.

Dende A Eirexe dirixímonos a ver outro sartego case enfronte da Casa de Abelairas. Máis que casa! Sería máis adecuado chamarlle pazo. Vaia perpiaños! Outro exemplo de que os nosos canteiros en nada lle envexaron aos de outros lugares con máis sona.

Na súa fachada sitúanse dúas datas, unha primeira do século XVII, momento en que foi edificado o conxunto e unha segunda do XIX, intre no que recibiu algunha reforma.

Para ser verdadeiros, quen escribe confesa que lle chamou a atención a presenza das palabras Jesús, María e José exhibidas no frontal e gornecidas por sendas estrelas de seis puntas. É que se dubidaba da súa católica cristiandade para exhibir tal mostra de relixiosidade exterior?

Ben, non son senón elucubracións...

Dicíamos que do outro lado do camiño da casona se ancora un novo exemplar de sartego moito máis simple co anterior e posterior no tempo. Xa non ten a forma antropomorfa tan evidente. É de moito menos altura que o xa comentado e tamén está a servir de abrevadoiro para o gando. Debe de levar moitos anos exercendo tal función pois ao lado que dá co camiño está moi desgastado de afiar fouces e fouciños contra súa.

Deixamos a Casa de Abelairas despois de abraiarnos co bonito petador con forma equina do portón.

Dirixímonos logo cara á Graña despois de cruzar o nacemento do Ulla. Aquí, noutro tempo, situouse a Granxa que dependía do mosteiro de Sobrado e a lagoa artificial que crearan para non ter escaseza de peixe. Aínda se poden adiviñar os restos dos vellos caneiros ao pé do Camiño Real. Tamén aquí se erixía o cárcere da xurisdicción de Monterroso. Permanece en pé aínda a casa dos gardas pero desapareceu a Torre coa tenebrosidade das súas celas.

Decidimos que hoxe non podemos achegarnos ata alí porque levamos como cometido visitar A Graña e ver a Capela de Santa Minia. Imperdoables os reloxis que non paran de quitarnos tempo das nosas vidas para viaxes ben merecedoras coma esta.

Chegamos á Graña, se digo lugar esplendoroso unha vez máis no día de hoxe alguén poderá pensar que esta é unha escritura rimbombante, enxalzadora e non achegada á realidade, mais aínda a risco de que esto aconteza debo dicir que os nosos sentidos volveron estar rebordantes da percepción.

A Casa de Xanantón, a Capela de Santa Minia, o muíño, o campo da festa... Ata os anos 80 celebrouse esta na honra de Santa Minia, patroa dos militares e, segundo nos contaron, viñan quintos ofrecidos a ela dende moitos

puntos distantes. Mágoa que coa implantación do servizo militar voluntario se perdera tal tradición!

O festexo era sufragado polo párroco coas moitas esmolas que os devotos lle traían á santa. Di a tradición que nos anos de máximo esplendor a efixie andaba arrodeada de billetes. Non seremos nós quen o desminta.

Pois ben, alí segue o campo da festa nobre berce que acolle castiros de varios séculos, seica está preso dos recordos doutros tempos cando mozas cantareiras e pretendentes cobizosos de algazara facían tremer o chan coa súa ledicia, cos seus choutos, coas gargalladas, cos grolos de viño e anís cos que se regalaban. Abofé, que da festa da santa terían saído moitos casamentos! Pero o que máis nos sorprendeu foi o relato do modo no que o cura de Fente, que Deus llo perdoe, don Ramón, convidaba aos seus amigos e familia. Din que era moi ocurrente e espléndido e levaba para a ocasión un xamón enteiro, un lacón, algúns polos asados, chourizos e outros manxares. O curioso do acto é a mesa na que lle lo ofrecía aos seus convidados pois non era outra que atando tales alimentos das ponlas dun castiñeiro para que cadaquén se servira do que apetecera. Ben orixinal, non si?

Alí na Graña tamén nos inqueda un cerrado dunha leira en redondo. Descartamos a posibilidade de que fora para protexer os cortizos posto que a Ulloa non é lugar de osos. Braulio apuntounos que en moitos sitios esta era a maneira de cerrar os liñares.

Queda para outro día achegarnos ó muíño da Graña e ó de Fente cuxos donos manteñen con ese apego que, malia ós seus moitos anos, seguen moendo.

Neste punto despedímonos, orgullosos da nosa *pelerinaxe*. O que foi unha reunión informal para visitar a igrexa e a reitoral de Fente íase converter nun primeiro chanzo dunha serie de roteiros a través da bisbarra. Así o decidimos alí mesmo na Graña. Organizaríamos viaxes culturais unha vez ao mes e daríamoslle publicidade para que poideran acompañarnos aqueles que así o estimen.

A partir de hoxe chamaríamoslle a esta saída “Roteiro cero” porque xurdíu da improvisación e do amor pola terra e a este diario “Pelerinaxes.

Diario dos roteiros pola Ulloa” na honra do gran mestre Otero que xa soubo ver hai un século os seus encantos.

Queres facer connosco o Roteiro 1?

P.D. As boas epístolas sempre contan con *post data*. Eiquí aínda que non temos misiva nin somos ameiroados polas musas, tamén a houbo. De retorno á vila de Monterroso iamos falando don Carlos, Fico e eu. De socato, na conversa asomaron dúas palabras da nosa verba tradicional da Ulloa e as cales só don Carlos coñecía: mocillo e mocegar. Aí quedan. Unha aperta, un deica. Cando unha servidora xulgaba que a xornada rematara don Carlos relatoume unha última sorpresa pois non quería que acabara a estadia de hoxe sen outro cachiño dese legado cultural que atesoura na súa memoria:

María José o arco que vés na entrada da miña casa é o que un día luciu o Pazo de Castelar. Unha vez que todo estaba destruído e cadaquén levaba a pedra que lle daba a gana para recheos e construcións adiqueime a buscar con axuda dun home as que formaban o arco da porta principal e velaí está. É o único que perdura do mesmo.

Maxistral lección de historia! Agora explícome porque sobre a porta esculpida en pedra loce unha coroa rexia.

María José Gómez Alvite

17/05/2017

